



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

09 SEP. 2024 13:16:20

Entrada **37523**

## Pregunta sobre a nova política de despezamento de buques promovida pola UE

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á proposta da Comisión Europea na que se promove ao despezamento de barcos.**

A Comisión Europea multiplicou os seus esforzos para promover o seu programa dirixido ao desmantelamento da pesca galega, avanzando un paso máis ao emprazar aos Estados membros a despezar parte das frotas pesqueiras na primeira sesión da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo.

Unha medida que non é casual, senón que ven inserida nunha política premeditada e consecuencia inevitábel dos recortes de cotas pesqueiras e as vedas ditadas pola UE en 87 áreas que supuxeron un duro golpe na actividade da pesca galega, o incremento dos prezos dos combustíbeis, a redución do consumo de peixe, os efectos do cambio climático na produtividade pesqueira, a falta de relevo xeracional e as lesivas políticas comunitarias que fan cada vez máis difícil a subsistencia do sector pesqueiro.

O BNG leva anos denunciando as negativas consecuencias das políticas da UE na nosa pesca, con medidas que, basicamente, foron reducindo a actividade pesqueira e dificultando a subsistencia do sector en lugar de promover o mantemento das frotas artesanais, características da Galiza, que dinamizan as localidades costeiras, asentan poboación e son as máis sustentábeis.



Neste contexto de crise constante, o último que se necesita son medidas encamiñadas a darlle a estocada final a un sector básico na Galiza que dá de comer a miles de familias.

Somos conscientes de que a UE ten por obxectivo incentivar a grande pesca industrial e rematar cunha forma tradicional de actividade que na Galiza se caracteriza por formas de pesca artesanais, máis sustentábeis e que conviven en equilibrio cos ecosistemas mariños. Precisamente o que non é sustentábel é a promoción da instalación de enormes aeroxeneradores de eólica mariña na nosa costa e que terán un impacto nos ecosistemas mariños e na produtividade pesqueira, unha consecuencia que tanto a UE, como o Goberno do Estado e a Xunta de Galiza obvian á hora promover a produción de enerxía eólica no mar a costa da viabilidade futura da nosa pesca. A sustentabilidade é un todo, non son parcelas. É contradictorio alegar a sustentabilidade na pesca para fechar caladoiros e mandar despezar buques mentres se anima a encher de muíños de vento a costa galega.

Con todo, hai que lembrar á UE que a biomasa de especies pesqueiras como o xurelo ou a sardiña se están a recuperar, un síntoma de que non é preciso ir a medidas drásticas como as que se propoñen ou a vedas masivas e sen estudos fiábeis como as que foron impostas.

O sector pesqueiro galego fixo un esforzo enorme nestes últimos anos. Galiza é o territorio que máis frota e tripulantes perdeu desde 1986. Consideramos que o camiño non é o do despezo de barcos senón que hai que adoptar medidas para acabar coa discriminación da frota galega, eliminar o principio de estabilidade relativa ao tempo que se revisa a Política Pesqueira Común e se recoñece a condición da Galiza como territorio altamente dependente da pesca, así como facer estudos rigorosos sobre a situación dos stocks e das biomásas de especies pesqueiras en lugar de acordar vedas unilaterais.

En definitiva, cremos que o Goberno debe traballar na UE nesta liña e no Estado destinar recursos e adoptar medidas para reforzar as frotas pesqueiras e non destruílas e desmantelalas. O impulso dos despezos por parte da



UE non é a solución, é outro paso para proceder á destrución dun sector fundamental para a economía galega.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. Que posición ten o Goberno ante a proposta da UE de animar aos Estados membros a despezar frotas pesqueiras? Comparte o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación esta drástica política que permitirá avanzar no desmantelamento da frota pesqueira galega?
2. Que medidas vai adoptar o Ministerio para evitar a destrución do sector pesqueiro galego?
3. Ten previsto aprobar políticas encamiñadas a reforzar o sector, garantir a súa viabilidade futura e permitirlle vivir da actividade pesqueira?
4. Adoptará o Ministerio unha postura firme na UE defendendo a eliminación do principio de estabilidade relativa, tan discriminatorio para a pesca galega?
5. Comparte que territorios como o galego son zonas altamente dependentes da pesca, que constitúe unha forma de vida tradicional na Galiza e unha actividade que dinamiza e asenta poboación nas localidades costeiras? Reclamará o recoñecemento da Galiza como Zona Altamente Dependente da Pesca diante dos organismos da UE que correspondan?
6. Vai o Goberno a reclamar á UE estudos serios e rigorosos sobre a situación dos stocks das distintas especies pesqueiras para evitar fechamentos de caladoiros que non se sosteñen en informes científicos?



7. Que posición vai defender o Ministerio de cara o vindeiro reparto de cotas pesqueiras na UE? Comparte que a mellora das biomosas de especies debería redundar na mellora das cotas pesqueiras para a Galiza?

Madrid, a 9 de setembro de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la propuesta de la Comisión Europea en la que se promueve el desguace de barcos.**

La Comisión Europea ha multiplicado sus esfuerzos para promover el programa dirigido al desmantelamiento de la pesca gallega, avanzando un paso más al emplazar a los Estados miembros a desguazar parte de las flotas pesqueras en la primera sesión de la Comisión de Pesca del Parlamento Europeo.

Una medida que no es casual, sino que se inserta en una política premeditada y consecuencia inevitable de los recortes de cuotas pesqueras y las vedas dictadas por la UE en 87 áreas que supusieron un duro golpe en la actividad de la pesca gallega, el incremento de los precios de los combustibles, la reducción del consumo de pescado, los efectos del cambio climático en la productividad pesquera, la falta de relevo generacional y las lesivas políticas comunitarias que hacen cada vez más difícil la subsistencia del sector pesquero.

El BNG lleva años denunciando las negativas consecuencias de las políticas de la UE en nuestra pesca, con medidas que, básicamente, fueron reduciendo la actividad pesquera y dificultando la subsistencia del sector en lugar de promover el mantenimiento de las flotas artesanales, características de Galiza,



que dinamizan las localidades costeras, asientan población y son las más sostenibles.

En este contexto de crisis constante, lo último que se necesita son medidas encaminadas a darle la estocada final a un sector básico en Galiza que da de comer a miles de familias.

Somos conscientes de que la UE tiene por objetivo incentivar la gran pesca industrial y poner fin a una forma tradicional de actividad que en Galiza se caracteriza por formas de pesca artesanales, más sostenibles y que conviven en equilibrio con los ecosistemas marinos. Precisamente lo que no es sostenible es la promoción de la instalación de enormes aerogeneradores de eólica marina en nuestra costa y que tendrán un impacto en los ecosistemas marinos y en la productividad pesquera, una consecuencia que tanto la UE, como el Gobierno del Estado y la Xunta de Galiza obvian a la hora promover la producción de energía eólica en el mar a costa de la viabilidad futura de nuestra pesca. La sostenibilidad es un todo, no son parcelas. Es contradictorio alegar la sostenibilidad en la pesca para cerrar caladeros y mandar desguazar buques mientras se anima a llenar de molinos de viento la costa gallega.

Con todo, hay que recordar a la UE que la biomasa de especies pesqueras como el jurel o la sardina se están recuperando, un síntoma de que no es preciso ir a medidas drásticas como las que se proponen o a vedas masivas y sin estudios fiables como las que fueron impuestas.

El sector pesquero gallego hizo un esfuerzo enorme en estos últimos años. Galiza es el territorio que más flota y tripulantes ha perdido desde 1986. Consideramos que el camino no es el del desguace de barcos sino que hay que adoptar medidas para acabar con la discriminación de la flota gallega, eliminar el principio de estabilidad relativa al tiempo que se revisa la Política Pesquera Común y se reconoce la condición de Galiza como territorio altamente dependiente de la pesca, así como hacer estudios rigurosos sobre la situación de los stocks y de las biomásas de especies pesqueras en lugar de acordar vedas unilaterales.



En definitiva, creemos que el Gobierno debe trabajar en la UE en esta línea y en el Estado destinar recursos y adoptar medidas para reforzar las flotas pesqueras y no destruirlas y desmantelarlas. El impulso de los desgüaces por parte de la UE no es la solución, es otro paso para proceder a la destrucción de un sector fundamental para la economía gallega.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Qué posición tiene el Gobierno ante la propuesta de la UE de animar a los Estados miembros a desguazar flotas pesqueras? ¿Comparte el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación esta drástica política que permitirá avanzar en el desmantelamiento de la flota pesquera gallega?
2. ¿Qué medidas va a adoptar el Ministerio para evitar la destrucción del sector pesquero gallego?
3. ¿Ha previsto aprobar políticas encaminadas a reforzar el sector, garantizar su viabilidad futura y permitirle vivir de la actividad pesquera?
4. ¿Adoptará el Ministerio una postura firme en la UE defendiendo la eliminación del principio de estabilidad relativa, tan discriminatorio para la pesca gallega?
5. ¿Comparte que territorios como el gallego son zonas altamente dependientes de la pesca, que constituye una forma de vida tradicional en Galiza y una actividad que dinamiza y asienta población en las localidades costeras? ¿Reclamará el reconocimiento de Galiza como Zona Altamente Dependiente de la Pesca ante de los organismos de la UE que correspondan?



6. ¿Reclamará el Gobierno a la UE estudios serios y rigurosos sobre la situación de los stocks de las distintas especies pesqueras para evitar cierres de caladeros que no se sostienen en informes científicos?
7. ¿Qué posición va a defender el Ministerio de cara el próximo reparto de cuotas pesqueras en la UE? ¿Comparte que la mejora de las biomásas de especies debería redundar en la mejora de las cuotas pesqueras para Galiza?

Madrid, a 9 de septiembre de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**